



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
ceip.isidro.parga@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisidroparga>

CEIP PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL

Rúa Camiño do Saber s/n
(Porto de Santa Cruz) 15179 Oleiros
881.88.08.02



PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID 19

CEIP PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
ceip.isidro.parga@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisidroparga>

CEIP PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL

Rúa Camiño do Saber s/n
(Porto de Santa Cruz) 15179 Oleiros
881.88.08.02



SUMARIO

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTO
3. MARCO XERAL
4. ORGANIZACIÓN PREVIA
5. ENSINO VIRTUAL
 - 5.1. Horario espello
 - 5.2. Canles establecidas de comunicación
 - 5.3. Plan para as aulas virtuais
 - 5.4. Substitución do profesorado
 - 5.5. Control de asistencia
6. Formación e información
7. ANEXO I (Horarios espello).

1. INTRODUCCIÓN

A crise sanitaria da covid-19 sitúa ao conxunto da comunidade educativa ante un inédito marco de actuación, con diferentes escenarios aos que cómpre darlle solución desde as administracións públicas co obxectivo de **blindar os valores que caracterizan o noso sistema educativo, a calidade e a equidade.**

Coa finalidade de ofrecer un marco estable a alumnado, profesorado e familias no caso de corentenas ou confinamentos, a Xunta de Galicia impulsa **o Plan de ensino virtual ante a covid-19**, unha folla de ruta **elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos** que permitirá continuar co proceso formativo do alumnado ante estas ou outras eventualidades derivadas da actual crise sanitaria tal e como se reflectía, nun sentido máis amplo, no Plan de Continxencia elaborado con anterioridade.

2. CONTEXTO

O protocolo xeral establece que *“As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo”* *“O centro elaborará un Plan de Continxencia, que será aprobado pola dirección do centro no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria”* *“O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a*

disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma”.

Tal e como ditamina o protocolo e se formulou no Plan de continxencia do noso centro, establécese o **ensino virtual** como **recurso indispensable en caso de corentena ou confinamento total ou parcial, e será neste mesmo plan, xunto co Plan de ensino virtual que aquí nos ocupa onde se determinará cando e cómo levar a cabo esta nova forma de ensino, o ensino a distancia.**

O ensino non presencial **será impartido polo profesorado ordinario**, que tamén realizará o seguimento do alumnado, impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o explicado e faciliten a avaliación continua.

3. MARCO XERAL

O presente plan está destinado a toda a comunidade educativa. O claustro de mestres decidiu que a pesar de ser só de obrigado cumprimento para o alumado de cursos superiores, os alumnos/as de primeiro ciclo e educación infantil tamén deben ter o dereito a unha educación virtual en caso de confinamento, sempre adaptada as características e idade do alumnado do que estamos a falar. O obxectivo que persegue este plan é proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual en confinamento total ou parcial garantindo:

- A interacción
- A realización de tarefas
- A avaliación do proceso.

Neste plan recolleremos as medidas que se tomarán dende o centro en caso de que, por mor da pandemia, teñamos un confinamento total ou parcial da poboación escolar, como por exemplo:

- Horario a seguir co alumnado
- Ferramentas empregadas
- Instrucións e pasos a seguir.
- Distribución de medios informáticos.
- Mecanismos de avaliación e control.
- Formación e información.

4. ORGANIZACIÓN PREVIA

O primeiro paso foi coñecer a situación do alumnado e familias en relación as ferramentas informáticas das que dispoñían para o desenvolvemento do ensino virtual ou das posibilidades de conexión. Os resultados desta enquisa amosan unha alta porcentaxe de alumnado que conta con conexión e medios informáticos, aínda que hai excepcións. Este alumnado está recollido nun documento para facilitarlle un equipo e acceso a Internet en caso de confinamento.

En base á análise dos resultados obtidos, tivemos que adaptar os equipos informáticos dos que dispoñíamos, a maior parte deles, obsoletos, para que en caso de sufrir outro posible confinamento, todo o noso alumnado tivera acceso a un equipo informático, que non tivera que quedar sen acceso ao ensino virtual, tendo en conta tamén, os recursos que neste caso nos ofrece a consellería.

Posteriormente levouse a cabo a organización das aulas virtuais e a creación dos usuarios co perfil de profesor/a para que cada un puidera crear os seus cursos e matricular ao seu alumnado.

Por outra banda, realizouse pola maior parte dos mestres do centro, o curso de formación en ferramentas dixitais que puxo en oferta a Consellería.

Tamén levouse a cabo a realización de titoriais de acceso e creación de cursos para os mestres, así como para o alumnado e as familias.

Realizáronse tamén prácticas de acceso co alumnado nas aulas ensinando o xeito de acceder á aula virtual e facilitando as claves necesarias e

estableceuse un protocolo de información, comunicación e medidas a seguir no caso de peche.

Por último, este plan de ensino virtual recollerá os diferentes horarios, metodoloxía e medios de comunicación a utilizar en caso de confinamento total, parcial ou corentenas, aprobados por todo o claustro.

5. ENSINO VIRTUAL

En caso de peche do centro educativo ou dalgunha das aulas por confinamento total, parcial ou corentenas, os pasos a seguir polo noso centro serán os seguintes:

- A dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil e da páxina web do centro.
- Trasladará información ás familias e ao alumnado do xeito no que se vai a proceder para comezar co ensino virtual.
- Informarase dos horarios que se sigan ás familias e ao profesorado.
- Os alumnos/as e o profesorado deberán conectarse nos horarios establecidos levándose un control e seguimento por parte dos titores e especialistas de cada aula.
- A actividade non presencial será impartida polo profesorado ordinario a través das plataformas de videoconferencia institucional e por medio da aula virtual.
- Nese horario, respectaranse os horarios de lecer e descanso e será establecido tendo en conta a porcentaxe do 60 e o 40 % que se establece para a elaboración dos horarios espello.
- Distribución de medios tecnolóxicos. O mesmo día do peche, o equipo directivo afrontará cos propios recursos tecnolóxicos do centro, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Unha vez atendidas as necesidades iniciais, se trasladará con carácter de urxencia á Inspección Educativa o resto de necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir. Unha vez se cubran estas necesidades organizarase a entrega ás familias e a posterior recollida. O material

será repartido coa maior celeridade e organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias para abordar o funcionamento da aula virtual. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais

5.1 HORARIO ESPELLO

Este horario é de obrigado cumprimento polo alumnado e o profesorado así como unha referencia para as familias.

Este horario debe respectar a carga lectiva de cada área repartíndose de xeito que o 60% do tempo se destinará á docencia virtual e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.

Este horario será incluído no plan de continxencia e recordado na páxina web no caso de confinamento e igualmente, será comunicado polos titores ás familias unha vez sexa aprobado pola Inspección Educativa.

Dende 3º de Ed. Primaria en diante, ese horario será o mesmo que durante o ensino presencial en canto á distribución das sesións, pero tendo en conta o 60% e o 40% de traballo do alumnado, así como o tempo de lecer.

Cun horario de 09:00h a 14:00h, como hai no noso centro e seguindo a distribución horaria de materias en Ed. Primaria, tal e como establece o Currículo de Primaria vixente, a distribución horaria quedaría do seguinte xeito:

DISTRIBUCIÓN HORARIA ASIGNATURAS ED.PRIMARIA

	1º	2º	3º	4º	5º	6º
LG	4	4	4	4	4	3
LC	4	4	4	4	4	3
MATEMÁTICAS	5	5	4	4	5	5
C.SOCIAIS	3	2	3	2	2	3
C.NATURAIS	2	2	2	2	2	2
INGLÉS	2	2	3	3	3	3
ARTS	1	1	1	1	1	1
MÚSICA	1	1	1	1	1	1
E.F	2	2	2	2	2	2
RELI/VALORES	1	2	1	1	1	1
LIBRE CONG				1		1
TOTAL	19H	19H	18H	18H	18H	18H

ASIGNATURAS SEGUNDO AS SESIÓNS E A PORCENTAXE QUE LLE CORRESPONDE.

De 3º de EP en adiante, no horario habitual, contemplaremos a seguinte porcentaxe do 60% de conexión virtual fronte o 40% de traballo do alumnado do seguinte xeito:

MATERIA	1º	2º	3º	4º	5º	6º
L.G	2s e 1/2	2s e 1/2	2s e 1/2	2s e 1/2	2s e 1/2	2 s
L.C	2s e 1/2	2s e 1/2	2s e 1/2	2s e 1/2	2s e 1/2	2 s
MATS	3 s	3 s	2s e 1/2	2s e 1/2	3 s	3 s
CCSS	2 s	1s	2 s	1s	1s	2 s
CCNN	1s	1s	1s	1s	1s	1s
INGLÉS	1s 1/4	1s 1/4	2 s	2 s	2 s	2 s
ARTS	½ s	½ s	½ s	½ s	½ s	½ s
MÚSICA	½ s	½ s	½ s	½ s	½ s	½ s
E.F	1s	1s	1s	1s	1s	1s
RELI/VALOR	½ s	1s ¼	½ s	½ s	½ s	½ s
LIB. CONFI.				½ s		½ s

Se facemos o cálculo por tempo debemos ter en conta que as sesión son de 50 minutos e o 60% serían 30 minutos.

O Departamento de orientación organizará as sesións ou metodoloxía axeitada para seguir o contacto e traballo cos alumnos/as de NEE.

Os horarios espello de cada grupo están recollidos no Anexo1.

5.2 CANLES ESTABLECIDAS DE COMUNICACIÓN

Curso - Nivel	Pautas de traballo	Mecanismos de comunicación
1º EP	<u>Aula virtual de 1º de Primaria.</u>	
2º EP	<u>Aula virtual de 2º de Primaria.</u>	.
3º EP	<u>Aula virtual de 3º de Primaria.</u>	CORREO CORPORATIVO ABALAR CISCO WEBEX/Falemos
4º EP	<u>AULA VIRTUAL de 4º Primaria.</u> (Plataforma de SM e Santillana)	CORREO CORPORATIVO ABALAR CISCO WEBEX/Falemos
5º EP	Tarefas en EVA (Edixgal). Están as tarefas marcadas e secuenciadas na AXENDA da plataforma.	A través de Edixgal mensaxería da plataforma. CISCO WEBEX/Falemos
6º EP	Tarefa marcadas en EVA (EDIXGAL) Aula Planeta	Información adicional a través do CORREO. CISCO WEBEX/Falemos
EI		

5.3 PLAN PARA AS AULAS VIRTUAIS

A) CONFINAMENTO DUNHA AULA COMPLETA OU TOTAL

- De 3º a 6º de EP. O horario será o mesmo que no ensino presencial, pero tendo en conta as porcentaxes do 40% de traballo do alumno/a e 60% explicación.
- 1º e 2º de EP: Nos dous primeiros cursos o profesorado poderá fixar un horario reducido tendo en conta o mínimo do 60% dada a corta idade do alumnado.
- En EI.: As mestras fixarán o horario reducido dada a corta idade do alumnado.

TITORÍAS E REUNIÓNS

- Hora de titoría familias: luns de 16 a 17h.
- Hora de titoría alumnos/as: luns de 17 a 18h.
- Hora de reunións de 18 a 19h. os mesmos días fixados para a actividade presencial.

B) CONFINAMENTO PARCIAL

Seguiremos o horario habitual da aula e o alumnado confinado poderá seguir a programación diaria conforme as indicacións do profesorado segundo o horario espello.

5.4 SUBSTITUCIÓN DO PROFESORADO

- Seguiremos o cadro de gardas do centro. Para levar un control e seguimento das conexións deberemos contar co código das reunións convocadas para de ser necesario facilitalo ó profesorado de garda.)
- A orientadora do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais

5.5 CONTROL DE ASISTENCIA

PROFESORADO: Cubrir o anexo correspondente e avisar coa antelación necesaria, facilitar os códigos das sesións organizadas e deixar traballo preparado salvo baixa ou imprevisto.

ALUMNADO: Teremos en conta os posibles erros técnicos nas faltas de asistencia se non se conecta.

6. FORMACIÓN E INFORMACIÓN.

A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que o alumnado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias e a aula virtual. Dende o centro levase a cabo un PFPP sobre Edixgal e unha gran parte do profesorado do centro está a facer cursos de novas ferramentas dixitais.

A dirección dotará dos equipos necesarios ás aulas, e de ser necesario ao profesorado e alumnado. Empregaranse os recursos formativos que posúe o centro ou solicitarase o apoio do asesor Abalar ou asesores do Centro de Formación e Recursos.

O profesorado de cada materia experimentará no centro cos alumnos/as o uso dos medios de comunicación telemática para estar o mellor preparados posible no caso de ter que desenvolver o ensino a distancia.

Unha vez plantexado e aprobado no claustro este plan, presentarase como anexo o plan de continxencia e informamos ao Consello.

No caso de confinamento todas estas medidas serán comunicadas ao profesorado e ás familias a través da páxina web do centro educativo.

Con anterioridade, os profesores facilitarán e practicarán co seu alumnado o xeito de acceder aos contidos e medios que se vaian empregar.



ANEXO I

HORARIOS ESPELLO

HORARIO 3º EP

SESIÓNS 3ºA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Lingua castelá (C)	Mats (C/T)	Mats (T)	INGLÉS (C)	Lingua castelá(T)
9:50-10:40	Mats (C)	ARTS (C/T)	Lingua galega (C)	Lingua galega (T)	Mats (C)
10:40-11:30	Lingua galega(C/T)	Lingua galega (C)	Lingua castelá (C)	MÚSICA (C/T)	INGLÉS (T)
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-12:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12:20-13:10	E.F. (T)	INGLÉS (C)	E.F (C)	Lingua castelá(C/T)	CCSS (C)
13:10-14:00	CCNN (T)	RELIXIÓN /VALORES(CT)	CCSS (C)	CCNN (C)	CCSS (T)

SESIÓNS 3ºB	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	MÁTS(C)	E.F (T)	MÁTS (T)	Máts (C)	Máts (C/T)
9:50-10:40	Lingua castelá(C)	Lingua castelá(T)	Lingua castelá (C)	Lingua galega(C)	Inglés(C/T)
10:40-11:30	RELIXIÓN/ VALORES(C/T)	CCNN (C)	E.F(C)	Lingua castelá(C/T)	CCNN(T)
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-12:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12:20-13:10	INGLES(T)	MÚSICA (C/T)	Lingua galega(T)	Lingua galega(T)	Arts (C)
13:10-14:00	CCSS (T)	INGLÉS (C)	CCSS(C)	CCSS (C)	Lingua galega(C/T)

HORARIO 4ºEP

SESIÓNS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
4ºA					
9:00-9:50	Lingua castelá(C)	Lingua galega(C/T)	Lingua castelá (C)	MÚSICA (C/T)	MÁTS(C/T)
9:50-10:40	Máts (C)	Máts (T)	E.F (C)	Lingua galega (T)	ARTS(C/T)
10:40-11:30	Lingua galega(C)	Inglés (C)	Lingua galega (C)	Máts (C)	E.F (T)
11:30-12:00	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO
12:00-12:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12:20-13:10	CCSS (T)	CCSS (C)	Reforzo (T)	Lingua castelá(C/T)	Relixión/valores (C/T)
13:10-14:00	CCNN (T)	Lingua castelá (T)	INGLÉS (T)	CCNN (C)	Inglés (C)

SESIÓNS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
4ºB					
9:00-9:50	Lingua castelá(C)	Lingua castelá(T)	E,F (T)	Inglés (C)	Lingua castelá(C/T)
9:50-10:40	CCNN (C)	Lingua Galega(T)	Afondamento Reforzo (C)	Lingua castelá(C)	Lingua G (C/T)
10:40-11:30	Lingua galega (C)	E,F (C)	Inglés (C)	Relixión/ Valores(C/T)	ARTS(C/T)
11:30-12:00	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO
12:00-12:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12:20-13:10	MÚSICA (c/t)	Máts (C)	Máts (T)	Máts(C/T)	Máts (C)
13:10-14:00	INGLES (T)	CCSS (C)	Lingua galega (C)	CCSS (T)	CCNN (T)

HORARIO 5ºEP

SESIÓNS 5ºA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Lingua castelá (C)	Lingua galega(C)	Mats (C)	Mats (T)	Lingua castelá (C/T)
9:50-10:40	Mats (C)	INGLÉS (C)	Lingua castelá (C)	Lingua castelá (T)	E.F (T)
10:40-11:30	Lingua galega (T)	Mats (C)	Lingua galega (C/T)	E.F (C)	INGLÉS (T)
11:30-12:00	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12:00-12:30	RECREO	RECRO	RECREO	RECREO	RREO
12:30-13:10	INGLÉS (C)	CCSS (T)	CCNN (T)	CCSS (C)	CCNN (C)
13:10-14:00	MÚSICA (C/T)	ARTS (C/T)	RELIXIÓN / VALORES (C/T)	Lingua galega (C)	Lingua galega (T)

SESIÓNS 5ºB	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Mats (C)	Lingua galega (T)	Lingua castelá (C)	CCSS (T)	INGLÉS (T)
9:50-10:40	Lingua castelá(C)	Mats (T)	CCNN (T)	E.F (C)	Mats (C/T)
10:40-11:30	INGLÉS (C)	CCSS (C)	RELIGIÓN/ VALORES(C/T)	Mats (T)	Lingua galega(C/T)
11:30-12:00	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12:00-12:30	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:30-13:10	Lingua galega(C)	INGLÉS (C)	Mats (C)	Lingua castelá(C/T)	CCNN (C)
13:10-14:00	E.F (T)	Lingua castelá(T)	Lingua galega (C)	ARTS (C/T)	MÚSICA (C/T)



SESIÓNS 5°C	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Mats (C)	Lingua castelá (T)	Lingua castelá (C)	Lingua galega (C)	RELIXIÓN/ VALORES (C/T)
9:50-10:40	Lingua castelá (C)	Mats (T)	INGLÉS (C)	Mats (T)	CCSS (T)
10:40-11:30	E.F (T)	CCSS (C)	MÚSICA (C/T)	INGLÉS (T)	Lingua galega(C/T)
11:30-12:00	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12:00-12:30	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO
12:30-13:10	Lingua galega (C)	CCNN (T)	Mats (C)	E.F (C)	INGLÉS (C)
13:10-14:00	CCNN (C)	Lingua castelá (T)	ARTS (C/T)	Lingua castelá(C/T)	Mats (C/T)

HORARIO 6ºEP

SESIÓNS 6ºA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Lingua castelá (C)	Lingua castelá (C)	CCSS (C)	RELIGIÓN/ VALORES (C/T)	Lingua castelá(C)
9:50-10:40	ARTS ½ C ½ T	Mats (C)	Mats (C)	INGLÉS (C)	E.F (C)
10:40-11:30	Mats (T)	Lingua galega (C)	Lingua galega (C)	Mats (C)	Mats (T)
11:30-12:00	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12:00-12:30	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO
12:30-13:10	CCNN (C)	CCNN (T)	INGLÉS (C)	CCSS (C)	CCSS (T)
13:10-14:00	Lingua galega(T)	INGLÉS (T)	E,F (T)	MÚSICA (C/T)	L.Config. (C/T)

SESIÓNS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
6ºB					
9:00-9:50	MÚSICA (c/t)	Lingua galega (C)	INGLÉS (T)	Mats (C)	E.F. (C)
9:50-10:40	INGLÉS (C)	Lingua castelá (C)	ARTS (c/t)	Lingua galega (T)	Lingua castelá (C)
10:40-11:30	Mats (T)	Mats (C)	Mats (C)	Lingua castelá (T)	Mats (T)
11:30-12:00	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12:00-12:30	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:30-13:10	CC.SS (C)	E.F (T)	CC.SS (C)	L.Config. (c/t)	Lingua galega (C)
13:10-14:00	RELI/ VALORES (C/T)	CC.NN (T)	CC.NN (C)	INGLÉS (C)	CC.SS (T)

*C=conexión T= traballo do alumno/a